

Carlos
Maside en Combarro, 1952

Bosquexos, debuxos e acuarelas



Carlos
Maside en Combarro, 1952
Bosquexos, debuxos e acuarelas



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Ano da
música



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidenta

Carmela Silva Rego

Deputado de Cultura

Xosé Leal Fariña

EXPOSICIÓN

Comisariado

Rafael Vallejo Pousada

María Esther Rodríguez Losada

Documentalista

Andrés Dacosta Paz

Montaxe

Museo de Pontevedra

Seguro

Allianz Seguros y Reaseguros S.A

Lariño Correduría de Seguros S.L.

Depósito Legal: PO 248-2019

ISBN: 978-84-95632-98-2



MUSEO DE PONTEVEDRA

Dirección

José Manuel Rey García

CATÁLOGO

Coordinador

Rafael Vallejo Pousada

Textos

Rafael Vallejo Pousada

María Esther Rodríguez Losada

Andrés Dacosta Paz

Traducción e revisión lingüística

Ismael Abreu Alonso

Natalia Blanco Carreira

Noemi López Avión

Belén Martins Martínez

Manuel Reyes Villar

Gabinete Lingüístico Deputación de Pontevedra

Fotografía

Miguel Vidal Solla

Coordinación editorial

M^a Ángela Comesaña Martínez

Difusión e Publicacións. Museo de Pontevedra

Diseño, maquetación e impresión

Gráficas Anduriña

Edita

Museo de Pontevedra (Deputación Provincial)

Agradecementos

Xulio Maside

Rosa María Maside

Elena Maside Miño

Carlos Maside Miño

Susana Davila

Francisco Domínguez Martínez

Pilar Fernández

Rosa González

Adriano Marques de Magallanes

José Luis Vázquez Montero

Juan Carlos de la Vega

Marián Vidal

Veciñanza de Combarro: Antonio Besada, Pilar Romay, Francisco Carballa, Marcial Calvo, Carola Pérez, María Vicente, Ernesto Carballa, Vicente López, Julia Esperón (a de Vicente), Victoria Albar, Lola Esperón (a de Quintáns), Sofía Casal, Saturnina Méndez, María Luisa Sanz, Lola Chantada (a de Venancio), José Méndez, Vivencio Piñeiro, Celia Rodríguez (†), Carmen Calvo (†), Santiago Romay (†).

Asociación A Solaina de Combarro

Biblioteca Central da Universidade de Vigo

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

Fundación Penzol

Museo Carlos Maside - Fundación Sargadelos

Museo de Pontevedra

Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación Provincial



Combarro escolleu a Maside	9
Carmela Silva Rego	
Maside e Combarro. Fascinación documental	11
Xosé Leal Fariña	
<i>Ali fun feliz. Maside en Combarro en 1952</i>	13
Rafael Vallejo Pousada	
Maside, Combarro e a representación de Galicia	61
M.ª Esther Rodríguez Losada	
O Combarro de 1952	83
Andrés Dacosta Paz e Rafael Vallejo Pousada	
Debuxos	97
Pinturas	193



Praia de Chousa e Tarrío • Colección Carlos Maside Miño

El Combarro de 1952

Andrés Dacosta Paz¹ y Rafael Vallejo Pousada²

Sostenía el fotógrafo americano John Nettis en 1957 que para un observador ocasional Combarro podría ser un típico «pueblo de postal», pero que para sus habitantes el pueblo era pobre y ellos se consideraban igualmente pobres. La razón de fondo estaba en que la tierra y el mar, de lo que fundamentalmente vivían, no proporcionaban lo suficiente a los marineros y a sus familias numerosas y que muchos se veían obligados a buscar un medio de vida en otros lugares, emigrando. Para Nettis «los rostros prematuramente arrugados de estas gentes» hablaban de sus fatigas, de sus condiciones de vida. Pese a ello, advertía el fotógrafo, todas ellas eran muy afables y sonreían con extraordinaria facilidad³. Nettis, como se dijo en otro de los textos de este catálogo, llegó a esta villa marinera de Combarro cinco años después de que lo hiciera Carlos Maside. El universo con el que se encontró fue entonces similar al que nuestro pintor se había encontrado en 1952.

Combarro es pueblo y es parroquia, una de las cinco que conforman el Concello de Poio. En 1952 era relativamente pequeña en términos demográficos. El municipio contaba con una población de hecho de 7.277 habitantes, de los que 1.123 correspondían a la parroquia de Combarro.

Esa población de hecho era significativamente menor que la de derecho. La causa estaba en la emigración. La miseria dominante en la Galicia y en la España de la

¹* Historiador.

²* Catedrático de Historia Económica (Universidade de Vigo).

³ John Nettis, *A Spanish Summer*, New York, Ziff-Davis Publishing Company, 1960, p. 79.

O Combarro de 1952

Andrés Dacosta Paz¹ e Rafael Vallejo Pousada²

Sostiña o fotógrafo americano John Nettis en 1957 que para un observador ocasional Combarro podería ser unha típica «vila de postal», pero que para os seus habitantes a vila era pobre e eles considerábanse igualmente pobres. A razón de fondo estaba en que a terra e o mar, do que fundamentalmente vivían, non proporcionaban o suficiente aos mariñeiros e ás súas familias numerosas e que moitos se vían obrigados a buscar un medio de vida noutros lugares, emigrando. Para Nettis« os rostros prematuramente engurrados destas xentes» falaban das súas fatigas, das súas condicións de vida. A pesar diso, advertía o fotógrafo, todas elas eran moi afables e sorrían con extraordinaria facilidade³. Nettis, como se dixo noutro dos textos deste catálogo, chegou a esta vila mariñeira de Combarro cinco anos despois de que o fixese Carlos Maside. O universo co que se atopou foi entón similar ao que o noso pintor atopou en 1952.

Combarro é vila e é parroquia, unha das cinco que conforman o Concello de Poio. En 1952 era relativamente pequena en termos demográficos. O municipio contaba cunha poboación de feito de 7.277 habitantes, dos que 1.123 lle correspondían á parroquia de Combarro.

Esa poboación de feito era significativamente menor que a de dereito. A causa estaba na emigración. A miseria dominante na Galicia e na España da posguerra

¹* Historiador.

²* Catedrático de Historia Económica (Universidade de Vigo).

³ John Nettis, *A Spanish Summer*, New York, Ziff-Davis Publishing Company, 1960, p. 79.



Nena sentada nunha butaca
Acuarela/papel • 34x24 cm • Colección Xulio Maside

posguerra pronto volvió a reactivar las corrientes migratorias hacia América. Esta circunstancia tenía varias consecuencias sobre la población local. La más llamativa era la notable diferencia que había entre el número de hombres y mujeres, que eran mayoría. En 1952 en la parroquia de Combarro residían 490 hombres y 633 mujeres. Por otra parte, nacían bastantes más personas de las que morían. Ese mismo año de 1952, según los libros parroquiales de registros sacramentales, en Combarro se bautizaron veintisiete niños y niñas y fallecieron sólo diez habitantes. La tasa de natalidad era elevada por tanto, de un 24 por 1.000, 4 puntos más que la media española. También era más elevado aquí el crecimiento vegetativo (la diferencia entre los que nacen y mueren), de unos 6 puntos por encima de la media nacional. Por tanto, en aquel Combarro de principios de los años cincuenta, la emigración –mayoritariamente masculina– no reducía a corto plazo la presión demográfica. Cada año había más bocas que nutrir. El boom infantil alimentaba, de este modo, la pobreza de fondo de la localidad. La estructura por edades era en consecuencia también la de una población relativamente joven.

En este escenario, a los habitantes de Combarro se le abría una disyuntiva vital: quedarse y persistir en la pobreza o bien irse a buscar una mejor vida en la emigración. Esta disyuntiva tenía incluso tonos algo más problemáticos. Unos querían cumplir el sueño irresistible de prosperar y, hecho esto, volver y establecerse aquí definitivamente. Otros, sin embargo, habían llegado a la conclusión de que la existencia de sus padres y abuelos era tan precaria y deprimente que partían con la idea de no retornar o de que sería muy difícil que lo hicieran. Este drama era, si cabe, más pronunciado entre las mujeres. Unas veían que sus maridos emigrados mandaban dinero pero tardaban en regresar, e incluso las había que se temían que aquéllos no volverían. Otras experimentaban la ausencia de sus compañeros nada más casarse y las más jóvenes constataban, con cierta tristeza, que sus expectativas vitales de formar una familia se reducían con este éxodo diferencial masculino. Comprobaban con pesar que los mozos de su edad se iban a América del Sur tan pronto podían.

¿Cuántas de estas gentes confesaron este estado de ánimo, esta situación vital al pintor Carlos Maside en 1952? No lo sabemos. No nos consta que haya dejado testimonio escrito sobre esto. Pero es probable que algunos a los

pronto volveu reactivar as correntes migratorias cara a América. Esta circunstancia tiña varias consecuencias sobre a poboación local. A máis rechamante era a notable diferenza que había entre o número de homes e mulleres, que eran maioría. En 1952 na parroquia de Combarro residían 490 homes e 633 mulleres. Por outra banda, nacían bastantes máis persoas das que morrían. Ese mesmo ano de 1952, segundo os libros parroquiais de rexistros sacramentais, en Combarro bautizáronse vinte e sete nenos e nenas e faleceron só dez habitantes. A taxa de natalidade polo tanto era elevada, dun 24 por 1.000, 4 puntos máis que a media española. Tamén era máis elevado aquí o crecemento vexetativo (a diferenza entre os que nacen e morren), duns 6 puntos por encima da media nacional. Polo tanto, naquel Combarro de principios dos anos cincuenta, a emigración – maioritariamente masculina– non reducía a curto prazo a presión demográfica. Cada ano había máis bocas que nutrir. O boom infantil alimentaba, deste xeito, a pobreza de fondo da localidade. A estrutura por idades era en consecuencia tamén a dunha poboación relativamente nova.

Neste escenario, aos habitantes de Combarro abríaselles unha disxuntiva vital: quedar e persistir na pobreza ou ben irse na busca dunha mellor vida na emigración. Esta disxuntiva tiña incluso tons algo máis problemáticos. Uns querían cumprir o soño irresistible de prosperar e, feito isto, volver e establecerse aquí definitivamente. Outros, con todo, tiñan chegado á conclusión de que a existencia dos seus pais e avós era tan precaria e deprimente que partían coa idea de non retornar ou de que sería moi difícil que o fixesen. Este drama era, se cabe, máis pronunciado entre as mulleres. Unhas vían que os seus maridos emigrados mandaban diñeiro pero tardaban en regresar, e mesmo as había que temían que aqueles non volverían. Outras experimentaban a ausencia dos seus compañeiros nada máis casar e as máis novas constataban, con certa tristeza, que as súas expectativas vitais de formar unha familia se reducían con este éxodo diferencial masculino. Comprobaban con pesar que os mozos da súa idade marchaban para América do Sur en canto podían.

Cantas destas xentes lle confesaron este estado de ánimo, esta situación vital ao pintor Carlos Maside en 1952? Non o sabemos. Non nos consta que deixase testemuño escrito sobre isto. Pero é probable que algúns aos que

que más frecuentó, con quien intimó y que pintó le trasladaran algunas de estas confidencias. Y que aquellos retratos que les hizo los elaborara con la conciencia de que con sus lápices y sus pinceles levantaba actade una presencia que pronto sería ausencia, al menos temporal, como si fuese un notario de la realidad humana que observaba.

Las circunstancias de vida de las gentes de Combarro eran, sí, en general precarias. Lo eran las condiciones educativas. En 1952 la tasa de analfabetismo en el Concello de Poio resultaba aún alta, pues al menos una de cada cuatro personas adultas no sabía leer ni escribir. Ese año había en Combarro abiertas tres escuelas. Dos eran de niñas, que atendían las maestras Carmen Romay y Emilia Santos, en locales alquilados al lado «da de Quintáns» y en la Rúa do Mar. La masculina, situada en una casa próxima a la que vivió Carlos Maside, en A Rúa, era atendida por el maestro Luis Abal Marescot, que por entonces también era segundo teniente de alcalde en el Concello de Poio. Ahora bien, que hubiese escuela no quiere decir que la escolarización fuera buena ni siquiera completa. El estado de necesidad de las familias llevaba a la inasistencia a la escuela, a la irregularidad en los estudios y a su pronta finalización. La infancia de los niños en Combarro era corta y su vida escolar en general también lo era. No era la suya, no obstante, una excepción en la Galicia de la época.

La precariedad educativa era una más de la general precariedad social y material. Habían pasado los años «da fame negra» de los cuarenta (las cartillas de racionamiento se suprimieron de hecho en 1952) pero éste distaba de ser un mundo de abundancia. La economía de las familias de Combarro, en su mayoría de base marinera y agrícola, era una economía de supervivencia. Entre esas familias había algunas pocas con posibles, «ricas», por acumular tierras o recursos pesqueros, pero era excepcional algún caso de riqueza proveniente de negocios distintos a los relacionados con el mar o la tierra.

La matrícula industrial para el año 1952 reflejaba bien el sencillo tejido productivo existente, más allá de la agricultura, la pesca y el marisqueo. En él destacaban siete tiendas de comestibles⁴, dos bodegones destinados a la elaboración y venta de vinos⁵ y dos tabernas, la de Cándido

⁴ Sus titulares eran Teresa Acasuso Martínez, Peregrina Abal Martínez, José Ferreira Figueiriño, Ramón Losada Otero, Peregrina Martínez Ricoy, Amparo Fernández García y Benito Torres Carro.

⁵ De Vicente López Quintáns y Francisco De la Fuente Abal, al que se concedió la licencia en 1951.

máis frecuentou, con quen intimou e que pintou lle trasladasen algunhas destas confidencias. E que aqueles retratos que lles fixo os elaborase coa conciencia de que cos seus lapis e os seus pinceis levantaba acta dunha presenza que pronto sería ausencia, polo menos temporal, coma se fose un notario da realidade humana que observaba.

As circunstancias de vida das xentes de Combarro eran, si, en xeral precarias. Érano as condicións educativas. En 1952 a taxa de analfabetismo no Concello de Poio resultaba aínda alta, pois polo menos unha de cada catro persoas adultas non sabía ler nin escribir. Ese ano había en Combarro abertas tres escolas. Dúas eran de nenas, que atendían as mestras Carmen Romay e Emilia Santos, en locais alugados ao lado «da de Quintáns» e na rúa do Mar. A masculina, situada nunha casa próxima a aquela naque viviu Carlos Maside, na Rúa, era atendida polo mestre Luis Abal Marescot, que daquela tamén era segundo teniente de alcalde no Concello de Poio. Agora ben, que houbese escola non quiere dicir que a escolarización fose boa, nin sequera completa. O estado de necesidade das familias levaba á falta de asistencia á escola, á irregularidade nos estudos e á súa pronta finalización. A infancia dos nenos en Combarro era curta e a súa vida escolar en xeral tamén o era. Non era a súa, non obstante, unha excepción na Galicia da época.

A precariedade educativa era unha máis da xeral precariedade social e material. Pasaran os anos da fame negra dos corenta (as cartillas de racionamento suprimíronse de feito en 1952) pero este distaba de ser un mundo de abundancia. A economía das familias de Combarro, na súa maioría de base mariñeira e agrícola, era unha economía de supervivencia. Entre esas familias había algunhas poucas con posibles, «ricas», por acumular terras ou recursos pesqueiros, pero era excepcional algún caso de riqueza proveniente de negocios distintos aos relacionados co mar ou a terra.

A matrícula industrial para o ano 1952 reflectía ben o sinxelo tecido productivo existente, máis aló da agricultura, a pesca e o marisqueo. Nel destacaban sete tendas de comestibles⁴, dous bodegóns destinados á elaboración e venda de viños⁵ e dúas tabernas, a de Cándido

⁴ Os seus titulares eran Teresa Acasuso Martínez, Peregrina Abal Martínez, José Ferreira Figueiriño, Ramón Losada Otero, Peregrina Martínez Ricoy, Amparo Fernández García e Benito Torres Carro.

⁵ De Vicente López Quintáns e Francisco De la Fuente Abal, ao que se lle concedeu a licenza en 1951.



Muller sentada ao pé do farol do peirao da Rúa
Lapis/papel • 23x32 cm • Colección Xulio Maside

dido Esperón Quintáns y la de Emiliana Esperón Sampayo. La de «Quintáns» y la de «Sampaio» eran lugares, con algunas de las tiendas de comestibles citadas, de encuentro y ocio masculino, donde se bebía una taza de vino, se hacía tertulia y se jugaba a las cartas, al dominó y a la «chave», muy popular entonces. Había en Combarro también una carnicería, que regentaba José Garea Rodríguez, un negocio de ataúdes, de Víctor Pérez Calvo, una hojalatería, de Ramiro García, y un taller de bicicletas, de Francisco Vidal.

En el sector de la alimentación encontramos una pequeña fábrica de conservas y un horno de pan. La primera, del pontevedrés Vicente López García Mosquera, en los momentos de máxima actividad daba empleo a unas dos docenas de mujeres y a un encargado, Benito Torres, a los que Maside representó en al menos una acuarela y un óleo. La panadería, por su parte, la regentaban Juan Herránz Arránz y su mujer, Paula Muñoz Rico. Este suministro «industrial» de pan convivía, no obstante, con el pan

Esperón Quintáns e a de Emiliana Esperón Sampayo. A de «Quintáns» e a de «Sampaio» eran lugares, con algunhas das tendas de comestibles citadas, de encontro e lecer masculino, onde se bebía unha cunca de viño, se facían faladoiros e se xogaba ás cartas, ao dominó e á chave, moi popular entón. Había en Combarro tamén unha carnicería, que rexentaba José Garea Rodríguez, un negocio de ataúdes, de Víctor Pérez Calvo, unha latoaría, de Ramiro García, e un taller de bicicletas, de Francisco Vidal.

No sector da alimentación atopamos unha pequena fábrica de conservas e un forno de pan. A primeira, do pontevedrés Vicente López García Mosquera, nos momentos de máxima actividade daba emprego a unhas dúas docenas de mulleres e a un encargado, Benito Torres, aos que Maside representou en polo menos unha acuarela e un óleo. A panadería, pola súa banda, rexentábanla Juan Herránz Arránz e a súa muller, Paula Muñoz Rico. Esta subministración «industrial» de pan convivía, con todo,



Casa con hórreo
 Acuarela/papel • 19x26 cm • Colección Xulio Maside

de elaboración propia, generalmente de centeno o, sobre todo, de maíz. La molinería tradicional estaba por aquel entonces a pleno funcionamiento; en Combarro mismo o en sus inmediaciones había cuatro molinos harineros, de vecinos y de *maquía*. En muchas de las casas había un horno de fábrica, de piedra o ladrillo refractario, generalmente al lado de la *lareira*⁶. El maíz y algo de centeno, con las patatas y el vino, eran los cultivos más importantes del Combarro de la época, que se completaban con algunos cultivos de huerta. La importancia del vino y del pan quedó reflejada en la arquitectura popular de sus casas, en las bodegas, con sus lagares y sus barriles asentados sobre *trabes*, y en los *eirados* y las más de setenta *palleiras* (hó-

⁶ Francisco Guerra Penas, *Combarro, exemplo de construcións populares*, Trabajo de Fin de Carrera, Escuela Universitaria de Arquitectura Técnica de A Coruña, 1987; Rafael Vallejo Pousada, *Guía turística do Conxunto Histórico de Combarro*, Poio, A Solaina, 2017, p. 38.

co pan de elaboración propia, xeralmente de centeo ou, sobre todo, de millo. A industria de moedura tradicional estaba naquel momento a pleno funcionamento; en Combarro mesmo ou nas súas inmediacións había catro muíños fariñeiros, de veciños e de *maquía*. En moitas das casas había un forno de fábrica, de pedra ou ladrillo refractario, xeralmente á beira da *lareira*⁶. O millo e algo de centeo, coas patacas e o viño, eran os cultivos máis importantes do Combarro da época, que se completaban con algúns cultivos de horta. A importancia do viño e do pan quedou reflectida na arquitectura popular das súas casas, nas adegas, cos seus lagares e os seus barrís asentados sobre *trabes*, e nos *eirados* e as máis de setenta

⁶ Francisco Guerra Penas, *Combarro, exemplo de construcións populares*, Trabajo de Fin de Carreira, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Coruña, 1987; Rafael Vallejo Pousada, *Guía turística do Conxunto Histórico de Combarro*, Poio, A Solaina, 2017, p. 38.

rreos), casi la mitad sobre el muro costero, que no pasaron desapercibidos para el pintor Carlos Maside en 1952, que dejó varios dibujos y acuarelas de hórreos.

La economía agraria se completaba con la cría de animales, en forma de algunos pequeños rebaños de ovejas —en retroceso desde la apropiación por el Estado de los montes comunales de la parroquia en los años cuarenta y el inicio de la repoblación forestal—, alguna vaca y, sobre todo en el ámbito doméstico, gallinas y cerdos. Buena parte de las casas tenían su gallinero o su *cubil* para la cría de estos animales, que solían verse sueltos por los caminos o incluso en las playas del pueblo. Los dibujos y las acuarelas de Maside dejaron testimonio de ello⁷, al igual que un bando del alcalde de Poio a los vecinos de Combarro, de julio de 1952, sobre el que luego volveremos.

En el ámbito marítimo, la pesca tenía aún mucho de sector tradicional. Las artes de pesca (*gharetas* o *rapetas*, *xeitos*, *boliches* y *artes*) eran por aquel entonces exclusivamente de algodón, lo que exigía casi más trabajo en tierra que en la mar al regreso de la pesca. Estos frágiles aparejos requerían cuidados diarios, como *enxaugalos*, secarlos tendidos al sol sobre la arena o en *estacadas*, y encascarlos regularmente para evitar su rápido deterioro y putrefacción. Por otra parte, la energía que movía las embarcaciones (chalanas, botes y traineras) era todavía humana, por medio de remos, o del viento, de ahí que las velas, su montaje y sus cuidados, formaran parte sustantiva del día a día marinero. Al parecer, los hermanos Faustino y Benito Pousada, os Lestes, tenían una acreditada fama de su habilidad en este montaje de velas⁸. En 1952, en Combarro apenas habían aparecido los motores de explosión, en principio a gasolina, de las marcas Fiat o Citroën, de poca potencia (de unos 12 a 18 CV), que se montaban en pequeñas embarcaciones tipo traineras, adaptadas, que recibieron en algún momento el nombre de *racús*. Las acuarelas de Maside dejaron testimonio artístico de algunos de estos primeros barcos a motor de Combarro.

⁷ Una de las obras expuestas en la exposición de homenaje a Maside de 1966, inaugurada en A Coruña, llevaba por título «A Galiña (Combarro)»; véase el folleto *Exposición Maside. Galicia 1966-1967*. Por su parte, la lámina que sirve para abrir el índice de la publicación homenaje *50 dibuxos de Carlos Maside*, Vigo, Galaxia, 1959, reproduce el apunte de un cerdo y varias gallinas, elaborado en Combarro.

⁸ Rafael Vallejo y Andrés Dacosta, «Memoria das últimas embarcacións mariñeiras de vela en Combarro e na Ría de Pontevedra», *Nova Ardentia. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, 9, 2017.

palleiras, case a metade sobre o muro costeiro, que non pasaron desapercibidas para o pintor Carlos Maside en 1952, que deixou varios debuxos e acuarelas de hórreos.

A economía agraria completábase coa cría de animais, en forma dalgúns pequenos rabaños de ovellas —en retroceso desde a apropiación polo Estado dos montes comunais da parroquia nos anos corenta e o inicio da repoboación forestal—, algunha vaca e, sobre todo no ámbito doméstico, galiñas e porcos. Boa parte das casas tiñan o seu galiñeiro ou o seu cubil para a cría destes animais, que adoitaban verse soltos polos camiños ou mesmo nas praias da vila. Os debuxos e as acuarelas de Maside deixaron testemuño diso⁷, do mesmo xeito que un bando do alcalde de Poio aos veciños de Combarro, de xullo de 1952, sobre o que logo volveremos.

No ámbito marítimo, a pesca tiña aínda moito de sector tradicional. As artes de pesca (*gharetas* ou *rapetas*, *xeitos*, *boliches* e *artes*) eran por aquel entón exclusivamente de algodón, o que esixía case máis traballo en terra que no mar ao regreso da pesca. Estes fráxiles aparellos requirían cuidados diarios, como *enxaugalos*, secalos tendidos ao sol sobre a area ou en *estacadas*, e encascalos regularmente para evitar a súa rápida deterioración e putrefacción. Por outra banda, a enerxía que movía as embarcacións (chalanas, botes e traíñeiras) era aínda humana, por medio de remos, ou do vento, por iso é polo que as velas, a súa montaxe e os seus cuidados formaban parte sustantiva do día a día mariñeiro. Ao parecer, os irmáns Faustino e Benito Pousada, os Lestes, tiñan unha acreditada fama da súa habilidade nesta montaxe de velas⁸. En 1952, en Combarro apenas apareceran os motores de explosión, en principio a gasolina, das marcas Fiat ou Citroën, de pouca potencia (duns 12 a 18 CV), que se montaban en pequenas embarcacións tipo traíñeiras, adaptadas, que recibiron nalgún momento o nome de *racús*. As acuarelas de Maside deixaron testemuño artístico dalgúns destes primeiros barcos a motor de Combarro.

⁷ Unha das obras expostas na exposición de homenaxe a Maside de 1966, inaugurada na Coruña, levaba por título «A Galiña (Combarro)»; véxase o folleto *Exposición Maside. Galicia 1966-1967*. Pola súa banda, a lámina que serve para abrir o índice da publicación homenaxe *50 dibuxos de Carlos Maside*, Vigo, Galaxia, 1959, reproduce o apuntamento dun porco e varias galiñas, elaborado en Combarro.

⁸ Rafael Vallejo e Andrés Dacosta, «Memoria das últimas embarcacións mariñeiras de vela en Combarro e na Ría de Pontevedra», *Nova Ardentia. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, 9, 2017.



Muller na fonte da Rualeira

Tinta/papel • 23x21 cm • Museo Carlos Maside – Colección Sargadelos

En ese mundo de pesca tradicional, la extracción de berberechos, almejas o mejillones de roca constituía una fuente adicional de proteínas y, cuando se abría la veda al llegar el mes de octubre, una fuente adicional de ingresos para estas familias que vivían en el límite de la subsistencia. Los arenales de Combarro se llenaban entonces de gentes, niños incluidos, con las mujeres trabajando a pie, cogiendo berberechos o almejas (con *legóns*, en este caso), y los hombres faenando a pie o, sobre todo, desde chalanas, *ghancheando*. Maside, que estaba aquí en el mes de octubre de 1952, los plasmó en una docena de acuarelas. Fue la actividad productiva de los combarreses que más representó. Esta particular atención quizá pudo haber sido estimulada por el conflicto social que el marisqueo provocó en el año 1952 en Combarro. En ese conflicto estaba en disputa, por un lado, el libre acceso de los vecinos a un espacio tradicionalmente comunal como eran los arenales marisqueros –con o sin el correspondiente carnet de mariscador, que no siempre se tenía– y, por otro, la posible privatización de ese espacio, acotándolo en una serie de viveros de explotación privada. Esta privatización de los principales arenales de



Apuntamento de gato nunha porta

Lapis/papel • 32x23 cm • Colección Xulio Maside

Nese mundo de pesca tradicional, a extracción de berberechos, ameixas ou mexillóns de rocha constituía unha fonte adicional de proteínas e, cando se abría a veda ao chegar o mes de outubro, unha fonte adicional de ingresos para estas familias que vivían no límite da subsistencia. Os areas de Combarro enchíanse entón de xentes, nenos incluídos, coas mulleres traballando a pé, collendo berberechos ou ameixas (con *legóns*, neste caso), e os homes faenando a pé ou, sobre todo, desde chalanas, *ghancheando*. Maside, que estaba aquí no mes de outubro de 1952, plasmounos nunha ducia de acuarelas. Foi a actividade produtiva dos combarreses que máis representou. Esta particular atención quizais puido ser estimulada polo conflito social que o marisqueo provocou no ano 1952 en Combarro. Nese conflito estaba en disputa, por unha banda, o libre acceso dos veciños a un espazo tradicionalmente comunal como eran os areas marisqueiros –con ou sen o correspondente carné de mariscador, que non sempre se tiña– e, por outro, a posible privatización dese espazo, acoutándoo nunha serie de viveiros de explotación privada. Esta privatización dos principais areas de Poio,

Poio, entre Raxó y Campelo, fue lo que pretendió el empresario Bernardo López Durán, que había desempeñado nominalmente la alcaldía de Poio entre el 2 de julio de 1948 y el 18 de julio de 1950. Pese a la dictadura y a la falta de libertades, la oposición social fue elocuente. Las autoridades municipales en 1952 se pusieron del lado del vecindario, que acabó ganando la disputa⁹. A su paso por la alcaldía de Poio, Bernardo López se vio envuelto en varios conflictos con algunos significados funcionarios municipales, caso del secretario, y buena parte de los políticos de las familias del régimen en Poio. Esos enfrentamientos provocaron una manifiesta hostilidad en contra de él. Este acontecimiento quizás explique, junto al grado de dependencia de las familias del ingreso adicional del marisqueo, que el nivel de privatización de los arenales en las playas de Combarro, Campelo y en general de este municipio de Poio, sea muy reducido.

Alguna de las acuarelas de Maside en Combarro testimonia esta poca extensión de los *viveiros* de moluscos en los arenales. Fueron escenas que captó desde la casa en la que vivió, de Celia Rodríguez, que daba al mar, y desde el muelle de A Rúa, que fue el espacio que más frecuentó, porque ejercía una extraordinaria centralidad. La vida en Combarro empezaba cada día allí con la llegada del pescado. El centro neurálgico y sociológico de aquel Combarro de 1952 estaba en ese muelle.

Era una instalación funcional para el tamaño de las embarcaciones de la época, que ya se iba quedando algo pequeña. De hecho, los vecinos ya habían reclamado en 1929 su ampliación, sin que aquella demanda, trasladada en su día al Ministerio de Fomento, fuera atendida¹⁰. Este muelle de A Rúa carecía de acondicionamientos de ningún tipo más que el enlosado de piedra, una escalera central y un punto de luz, con una única bombilla sobre un poste de madera y una vieja piedra de lagar (un pé) que hacía de base¹¹.

Combarro, como la mayor parte de localidades de Poio y en general de Galicia, se caracterizaba por la precariedad de los servicios y equipamientos colectivos. Aunque parezca increíble, en el municipio de Poio la electrificación aún llegó en 1951 a los lugares de Pereiro de Arriba, Pereiro de Abaixo, Esperón (que entonces pertenecían a la parro-

entre Raxó e Campelo, foi o que pretendeu o empresario Bernardo López Durán, que desempeñara nominalmente a alcaldía de Poio entre o 2 de xullo de 1948 e o 18 de xullo de 1950. A pesar da ditadura e da falta de libertades, a oposición social foi elocuente. As autoridades municipais en 1952 puxéronse ao lado da veciñanza, que acabou gañando a disputa⁹. Ao seu paso pola alcaldía de Poio, Bernardo López viuse envolto en varios conflitos con algúns coñecidos funcionarios municipais, caso do secretario, e boa parte dos políticos das familias do réxime en Poio. Esas liortas provocaron unha manifiesta hostilidade contra del. Este acontecemento quizais explique, xunto ao grao de dependencia das familias deste ingreso adicional do marisqueo, que o nivel de privatización dos areais nas praias de Combarro, Campelo e en xeral deste municipio de Poio, sexa moi reducido.

Algunha das acuarelas de Maside en Combarro testimonia esta pouca extensión dos viveiros de moluscos nos areais. Foron escenas que captou desde a casa na que viviu, de Celia Rodríguez, que daba ao mar, e desde o peirao da Rúa, que foi o espazo que máis frecuentou, porque exercía unha extraordinaria centralidade. A vida en Combarro comezaba cada día alí coa chegada do peixe. O centro neurálgico e sociolóxico daquel Combarro de 1952 estaba nese peirao.

Era unha instalación funcional para o tamaño das embarcacións da época, que xa ía quedando algo pequena. De feito, os veciños xa reclamaran en 1929 a súa ampliación, sen que aquela demanda, trasladada no seu día ao Ministerio de Fomento, fose atendida¹⁰. Este peirao da Rúa carecía de acondicionamientos de ningún tipo máis que o lousado de pedra, unha escaleira central e un punto de luz, cunha única lámpada sobre un poste de madeira e unha vella pedra de lagar (un pé) que facía de base¹¹.

Combarro, como a maior parte de localidades de Poio e en xeral de Galicia, caracterizábase pola precariedade dos servizos e equipamentos colectivos. Aínda que pareza increíble, no municipio de Poio a electrificación chegou en 1951 aos lugares de Pereiro de Arriba, Pereiro de Abaixo, Esperón (que entón pertencían á parroquia de Com-

⁹ Acta del Pleno de la Corporación municipal de Poio de 17 de septiembre de 1952.

¹⁰ La petición, en *Actas Municipales de Poio, 1929*.

¹¹ Maside dejó varios dibujos de este punto de luz, cuya piedra de lagar servía de improvisado asiento.

⁹ Acta do Pleno da Corporación Municipal de Poio do 17 de setembro de 1952.

¹⁰ A petición, en *Actas Municipais de Poio, 1929*.

¹¹ Maside deixou varios debuxos deste punto de luz, cuxa pedra de lagar servía de improvisado asiento.

quia de Combarro) y Vilar. Todavía en 1952 se inauguraba la electrificación del lugar de Liñares, con gran bombo mediático: «Las autoridades –se leía en la prensa– fueron recibidas con vítores al Caudillo, aclamaciones y disparo de bombas. También se levantaron arcos con expresivas saludaciones a la primera autoridad civil»¹².

La instalación telefónica era asimismo deficiente, pues sólo un teléfono, en forma de centralita, atendía al pueblo de Combarro. Y otro tanto sucedía con el agua corriente y los alcantarillados, que simplemente no existían. El agua la traían de las fuentes las mujeres y los niños, en *baldes* y *sellas*, y algunos pozos negros o las cuadras preparadas con tal fin hacían a veces de letrinas. El estiércol de origen animal y humano era empleado en aquel entonces, junto al *bocho* (algas) de las playas, como nutrientes en la agricultura de base orgánica que se practicaba. El ciclo de producción de desechos, en forma de abonos, se cerraba con su uso en la producción agrícola.

El lavado de las ropas se hacía, por su parte, en los pequeños cursos de aguas del pueblo, *os ríos* de Chousa, el *río Pequeno* y, un poco más alejado del pueblo, el *río da Sela*, donde había un lavadero público construido en 1924, próximo a dos molinos de agua. Hasta 1951 no se contó con otro lavadero, levantado en Chousa, con tejado a dos aguas.

Por tanto, esa falta de unos servicios sin los que hoy seríamos capaces de vivir, así como la convivencia con los animales domésticos, hacía que el de Combarro tuviera un doble aspecto de pueblo de postal pero sucio. Un bando, «A los vecinos de Combarro», del alcalde de Poio, lo explicaba de este modo el 8 de julio de 1952, un mes antes de que Maside llegara a Combarro:

En esta época de verano que gran número de turistas visitan este pueblecito atraídos por observar lo pintoresco del mismo, se encuentran con el lamentable espectáculo de suciedad en que se halla. Cerdos y gallinas sueltos; y es más, aguas que se vierten a la calle desde las ventanas o balcones¹³

El alcalde no entraba en los problemas de fondo que causaban aquel estado de cosas, entre otros la falta de

¹² *Sábado*, 39, 30 de junio de 1952.

¹³ Consultable en el Archivo Municipal de Poio. El alcalde era entonces José Manuel Acuña.

barro) e Vilar. Un ano despois, en 1952, aínda se inaugurou a electrificación do lugar de Liñares, con gran bombo mediático: «Las autoridades –líase na prensa– fueron recibidas con vítores al Caudillo, aclamaciones y disparo de bombas. También se levantaron arcos con expresivas saludaciones a la primera autoridad civil»¹².

A instalación telefónica era así mesmo deficiente, pois só un teléfono, en forma de centraliña, atendía o pobo de Combarro. E outro tanto acontecía coa auga corrente e as redes de sumidoiros, que simplemente non existían. A auga traíana das fontes as mulleres e os nenos, en baldes e sellas, e algúns pozos negros ou as cortes preparadas con tal fin facían ás veces de latrinas. O esterco de orixe animal e humano era empregado daquela, xunto ao *bocho* (algas) das praias, como nutrientes na agricultura de base orgánica que se practicaba. O ciclo de produción de refugallo, en forma de abonos, pechábase co seu uso na produción agrícola.

O lavado das roupas facíase, pola súa banda, nos pequenos cursos de augas da vila, os ríos de Chousa, o río Pequeno e, un pouco máis afastado do pobo, o río da Sela, onde había un lavadoiro público construído en 1924, próximo a dous muiños de auga. Ata 1951 non se contou con outro lavadoiro, levantado en Chousa, con tellado a dúas augas.

Polo tanto, esa falta duns servizos sen os que hoxe seríamos capaces de vivir, así como a convivencia cos animais domésticos, facía que o de Combarro tivese un dobre aspecto de vila de postal pero sucia. Un bando, «A los vecinos de Combarro», do alcalde de Poio, explicábao deste xeito o 8 de xullo de 1952, un mes antes de que Maside chegase a Combarro:

En esta época de verano que gran número de turistas visitan este pueblecito atraídos por observar lo pintoresco del mismo, se encuentran con el lamentable espectáculo de suciedad en que se halla. Cerdos y gallinas sueltos; y es más, aguas que se vierten a la calle desde las ventanas o balcones¹³

O alcalde non entraba nos problemas de fondo que causaban aquel estado de cousas, entre outros a falta de investi-

¹² *Sábado*, 39, 30 de xuño de 1952.

¹³ Consultable no Arquivo Municipal de Poio. O alcalde era daquela José Manuel Acuña.

inversiones públicas en las infraestructuras que evitarían aquella circunstancia, así como la miseria dominante en la que se vivía. Por eso, sus remedios estaban en la recomendación de limpiar las puertas de las casas, encerrar a los animales, evitar arrojar las aguas sucias o la denuncia entre vecinos para aplicar multas «de forma ejemplar con los desobedientes». El americano John Nettis lo observó mejor en 1957 que el alcalde de Poio entonces: Combarro era un pueblo de postal («a typicalpicture-postcardvillage») pero sus gentes eran pobres y vivían pobremente.

Combarro, sí, era un pueblo típico, proyectado hacia fuera, en el que artistas, escritores y, al fin, las autoridades, habían fijado su atención –desde la década de 1920– para que fuera declarado objeto de protección como pueblo monumental. Es la tercera vertiente destacable del Combarro de 1952, junto a la de pueblo tradicional a la vez que bonito y turístico: un pueblo sujeto a protección cultural. En 1951 había empezado a tomar forma la tramitación administrativa para la declaración de Combarro como conjunto monumental. La Corporación Municipal de Poio acordó el 31 de marzo de 1952 «dar la conformidad para que el pueblecito de Combarro sea declarado conjunto pintoresco». También en 1952 fueron aprobadas en Santiago de Compostela unas «Normas que regirán en la edificación enclavada en el Conjunto Artístico y Pintoresco de Combarro»¹⁴. Las obras en las viviendas de Combarro ya estaban entonces sometidas a la autorización previa de la Comisión Provincial de Monumentos. En 1952, el «Conjunto Pintoresco de Combarro» fue incluido en el Plan de obras del Ministerio de Educación, con dos partidas de 10.000 pesetas, para dos actuaciones urgentes, una en los soportales de la calle principal y otra para la restauración en casas y muros, bajo la dirección del arquitecto Francisco Pons Sorolla. Oficialmente se reconocía en Combarro la falta de «pulcritud, aseo y limpieza de sus calles y recodos, hoy tan deficientes, mejor, inexistentes». Este primer plan de obras para mejoras en el pueblo fue acogido con una buena muestra de simpatías, como la revelada por Modesto Bará en el artículo «El burgo mariner de Combarro», publicado en *El Pueblo Gallego* el 17 de agosto de 1952¹⁵.

¹⁴ *Actas Municipales de Poio*, 1952; y, Rafael Vallejo Pousada, *Informe Urgente sobre o Conxunto Histórico de Combarro. Proposta dun Plan de Actuación en dez medidas para conservar o patrimonio dun Ben de Interese Cultural e turístico*, Poio, A Solaina, 2014, p. 7.

¹⁵ Los entrecomillados proceden de este artículo de Bará en *El Pueblo Gallego*, 17 de agosto de 1952, p. 5.

mentos públicos nas infraestructuras que evitarían aquela circunstancia, así como a miseria dominante na que se vivía. Por iso, os seus remedios estaban na recomendación de limpar as portas das casas, encerrar os animais, evitar botar as augas sucias ou a denuncia entre veciños para aplicar multas «de forma ejemplar con los desobedientes». O americano John Nettis observouno mellor en 1957 ca o alcalde de Poio daquel momento: Combarro era unha vila de postal («a typicalpicture-postcardvillage») pero as súas xentes eran pobres e vivían pobremente.

Combarro, si, era unha vila típica, proxectada cara a fóra, na que artistas, escritores e, ao fin, as autoridades, fixaran a súa atención –desde a década de 1920– para que fose declarada obxecto de protección como vila monumental. É a terceira vertente destacable do Combarro de 1952, xunto á de vila tradicional á vez que bonita e turística: unha vila suxeita a protección cultural. En 1951 empezara a coller forma a tramitación administrativa para a declaración de Combarro como conxunto monumental. A Corporación Municipal de Poio acordou o 31 de marzo de 1952 «dar la conformidad para que el pueblecito de Combarro sea declarado conjunto pintoresco». Tamén en 1952 foron aprobadas en Santiago de Compostela unhas «Normas que regirán en la edificación enclavada en el Conjunto Artístico y Pintoresco de Combarro»¹⁴. As obras nas vivendas de Combarro xa estaban entón sometidas á autorización previa da Comisión Provincial de Monumentos. En 1952, o «Conxunto Pintoresco de Combarro» foi incluído no Plan de obras do Ministerio de Educación, con dúas partidas de 10.000 pesetas, para dúas actuacións urxentes, unha nos soportais da rúa principal e outra para a restauración en casas e muros, baixo a dirección do arquitecto Francisco Pons Sorolla. Oficialmente reconecíase en Combarro a falta de «pulcritud, aseo y limpieza de sus calles y recodos, hoy tan deficientes, mejor, inexistentes». Este primeiro plan de obras para melloiras na vila foi acollido cunha boa mostra de simpatías, como a revelada por Modesto Bará no artigo «El burgo mariner de Combarro», publicado en *El Pueblo Gallego* o 17 de agosto de 1952¹⁵.

¹⁴ *Actas Municipais de Poio*, 1952; e, Rafael Vallejo Pousada, *Informe Urgente sobre o Conxunto Histórico de Combarro. Proposta dun Plan de Actuación en dez medidas para conservar o patrimonio dun Ben de Interese Cultural e turístico*, Poio, A Solaina, 2014, p. 7.

¹⁵ Os entrecomillados proceden deste artigo de Bará en *El Pueblo Gallego*, 17 de agosto de 1952, p. 5.

Agosto de 1952 fue el mes en que Maside llegaba a Combarro para pasar una estancia de tres meses. Un pueblo que en su faceta turística y pintoresca vivía, como vemos, una situación de atención externa e indudable efervescencia. Un pueblo con un modo de vida y una economía tradicionales, de base agraria y marinera, que vivía igualmente, puertas adentro, sus propias contradicciones de «pueblo bonito» y al tiempo con serias dificultades estructurales, empezando por las condiciones económicas y sociales de sus gentes, empujadas por el estado de necesidad a la emigración. Un pueblo que en 1952 tuvo además que hacer valer, junto a los otros de Poio, sus derechos de toda la vida sobre un bien común como eran los arenales marisqueros para evitar su privatización. Un pueblo, en fin, que se debatía entre las miradas y los deseos externos de la preservación y resguardo de su *enxebri*smo y las necesidades internas, objetivas, de sus gentes, sometidas en sus viviendas, adicionalmente, a una tutela oficial, que lejos de suplir sus carencias, era experimentada en muchos casos como un obstáculo para la mejora de sus condiciones vitales. Así lo recogió un polémico artículo publicado, sin firma, en el periódico satírico *La Codorniz* el 13 de julio de 1958, que denunciaba que: «En Combarro el tipismo consiste en que las casas –intocables según la Comisión de Monumentos– no tienen luz ni ventilación y que en el pueblo no existe alcantarillado, conducción de agua ni cualquier otra clase de instalación higiénico-sanitaria»¹⁶.

Algunas de aquellas circunstancias no debieron de pasar desapercibidas al pintor Carlos Maside en su decisión para venir a Combarro, y no debieron de pasarle durante su estancia de 1952. Él era un fino analista de la realidad que le rodeaba. Aquí vivió feliz, en su «olimpico combarrés», sin apenas dar señales de vida a sus amigos compostelanos y vigueses, que reclamaban su atención y admitían, como hizo Darío Álvarez Blázquez desde Vigo, que aunque no físicamente, «Combarro está muy lejos, socialmente hablando»¹⁷. La distancia social al mundo urbano. Es una buena definición, una metáfora casi, que refleja la realidad de fondo del pueblo en el que Maside residió, entre gentes que quería, las gentes

¹⁶ «El dedo en la llaga. El caso de los monumentos de Combarro», *La Codorniz*, 868, 13-7-1958, p. 5, del que se guarda un ejemplar en el Museo de Pontevedra, Fondo Filgueira, 272-53.

¹⁷ Carta a Maside, de 8 de septiembre de 1952, en *Carlos Maside. Correspondencia [1928-1958]*, Consorcio de Santiago/Alvarellos Editora, p. 245. Lo de «olimpico combarrés» corresponde a Valentín Paz Andrade.

Agosto de 1952 foi o mes en que Maside chegaba a Combarro para pasar unha estancia de tres meses. Unha vila que na súa faceta turística e pintoresca vivía, como vemos, unha situación de atención externa e indubidable efervescencia. Unha vila cun modo de vida e economía tradicionais, de base agraria e mariñeira, que vivía igualmente, de portas para dentro, as súas propias contradicións de «vila bonita» e ao tempo con serias dificultades estruturais, comezando polas condicións económicas e sociais das súas xentes, empuxadas polo estado de necesidade á emigración. Unha vila que en 1952 tivo ademais que facer valer, xunto aos outros de Poio, os seus dereitos de toda a vida sobre un ben común como eran os areas marisqueiros para evitar a súa privatización. Unha vila, en fin, que se debatía entre as miradas e os desexos externos da preservación e resguardo do seu *enxebri*smo e as necesidades internas, obxectivas, das súas xentes, sometidas nas súas vivendas, adicionalmente, a unha tutela oficial, que lonxe de suplir as súas carencias, era experimentada en moitos casos coma un obstáculo para a mellora das súas condicións vitais. Así o recolleu un polémico artigo publicado, sen sinatura, no xornal satírico *La Codorniz* o 13 de xullo de 1958, que denunciaba que: «En Combarro el tipismo consiste en que las casas –intocables según la Comisión de Monumentos– no tienen luz ni ventilación y que en el pueblo no existe alcantarillado, conducción de agua ni cualquier otra clase de instalación higiénico-sanitaria»¹⁶.

Algunhas daquelas circunstancias non deberon de pasar desapercibidas para o pintor Carlos Maside na súa decisión para vir a Combarro, e non lle deberon de pasar durante a súa estancia de 1952. El era un fino analista da realidade que o rodeaba. Aquí viviu feliz, no seu «olimpico combarrés», sen apenas dar sinais de vida aos seus amigos composteláns e vigueses, que reclamaban a súa atención e admitían, como fixo Darío Álvarez Blázquez desde Vigo, que aínda que non físicamente, «Combarro está muy lejos, socialmente hablando»¹⁷. A distancia social ao mundo urbano. É unha boa definición, unha metáfora case, que reflicte a realidade de fondo da vila na que Maside residiu, entre xentes que

¹⁶ «El dedo en la llaga. El caso de los monumentos de Combarro», *La Codorniz*, 868, 13-7-1958, p. 5, do que se garda un ejemplar no Museo de Pontevedra, Fondo Filgueira, 272-53.

¹⁷ Carta a Maside, do 8 de setembro de 1952, en *Carlos Maside. Correspondencia [1928-1958]*, Consorcio de Santiago/Alvarellos Editora, p. 245. O de «olimpico combarrés» corresponde a Valentín Paz Andrade.

del «pueblo» con las que se sentía identificado, viviendo como uno más. El pintor «Don Carlos Maside», como la gente de Combarro le llamaba.

quería, as xentes do «pobo» coas que se sentía identificado, vivindo coma un máis. O pintor «Don Carlos Maside», como a xente de Combarro lle chamaba.